ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Concreción para cada estándar de aprendizaxe da temporalización, o grao mínimo de consecución e os procedementos e instrumentos de avaliación

| Estándares de aprendizaxe | 1ªAv | 2ªAv | 3ªAv | Grao mínimo para a superación da materia | Instrumentos e procedementos de avaliación |
|---|------|------|------|---|--|
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora, e describe a actividade dos/das empresarios/as e o seu papel na xeración de traballo e benestar social. | X | | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB1.1.1. Identifica as calidades persoais, as actitudes, as aspiracións e a formación propias das persoas con iniciativa emprendedora. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu | X | | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB1.1.2. Investiga con medios telemáticos as áreas de actividade profesional do seu contorno, os tipos de | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: |

| | | | | | |
|--|---|---|--|--|--|
| <p>contorno, os tipos de empresa que as desenvolven e os postos de traballo en cada unha, razoando os requisitos para o desempeño profesional en cada un deles.</p> | | | | <p>empresa que as desenvolven .</p> | <p>Resolución de exercicios.</p> |
| <p>▪ IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia relacionando as posibilidades do ámbito coas calidades e as aspiracións persoais, e valorando a opción do autoemprego e a necesidade de formación ao longo da vida.</p> | X | | | <p>IAEEB1.2.1. Deseña un proxecto de carreira profesional propia .</p> | <p>Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios.</p> |
| <p>▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas, en relación co funcionamento do mercado de traballo.</p> | X | | | <p>▪ IAEEB1.3.1. Identifica as normas e as institucións que interveñen nas relacións entre os/as traballadores/as e as empresas.</p> | <p>Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva</p> |
| <p>▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais, e compróboas en contratos de traballo e documentos de negociación colectiva.</p> | X | | | <p>▪ IAEEB1.3.2. Distingue os dereitos e as obrigas que se derivan das relacións laborais.</p> | <p>Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva</p> |
| <p>▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste, así como as prestacións mediante procuras nas web institucionais, valorando a súa acción protectora ante as continxencias cubertas.</p> | X | | | <p>▪ IAEEB1.3.3. Describe as bases do sistema da Seguridade Social e as obrigas dos/das traballadores/as e dos/das empresarios/as dentro deste.</p> | <p>Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva</p> |
| <p>▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos, así como as técnicas de primeiros auxilios aplicables en caso de accidente ou dano.</p> | X | | | <p>▪ IAEEB1.3.4. Identifica as situacións de risco laboral máis habituais nos sectores de actividade económica máis salientables no ámbito, e indica os métodos de prevención legalmente establecidos.</p> | <p>Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva</p> |
| <p>▪ IAEEB2.1.1. Determina a</p> | | X | | <p>▪ IAEEB2.1.1. Determina a</p> | <p>Procedementos:</p> |

| | | | | | |
|--|--|---|--|---|---|
| oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características e tomando parte na actividade que a empresa desenvolve. | | | | oportunidade dun proxecto de empresa, identificando as características . | Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | | X | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.1.2. Identifica as características internas e externas da empresa en proxecto, así como os elementos que constitúen o contono específico desta (mercado, provedores/as, clientela, sistemas de produción e/ou comercialización, almacenaxe, etc.). | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento, e identifica os procedementos de traballo no desenvolvemento do proceso produtivo ou comercial. | | X | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.1.3. Describe a relación da empresa proxectada co seu sector, a súa estrutura organizativa e as funcións de cada departamento. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | | X | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.1.4. Elabora documentos para a planificación das funcións da empresa en proxecto, tanto a longo como a curto prazo. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela, provedores/as e outros, aplicando as técnicas básicas de contabilidade, xestión financeira e comercial e administración de persoal, para a organización da información da empresa proxectada. | | X | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.2.1. Manexa como usuario/a de nivel básico aplicacións informáticas de control e seguimento de clientela. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto, recoñecendo e aplicando técnicas de comunicación e negociación, e aplicando o tratamento protocolario axeitado mediante | | X | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.2.2. Transmite información entre as áreas e a clientela da empresa en proxecto. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios.. |

| | | | | | |
|---|--|---|---|---|---|
| medios telemáticos e presenciais. | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto, e elabora un plan de comunicación en internet e en redes sociais, aplicando os principios do márketing. | | X | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.3.1. Crea materiais publicitarios e para a difusión dos produtos e/ou servizos obxecto do proxecto. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| | | | | | |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo, e selecciona as posibilidades que se axusten ao proxecto de empresa formulado. | | X | | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB2.3.3. Compila datos sobre os apoios á creación de empresas tanto do contorno próximo como do territorial, estatal ou europeo. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.1. Distingue as formas xurídicas das empresas e indica as esixencias de capital e responsabilidades propias de cada tipo. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.2. Identifica e enumera as administracións públicas implicadas na posta en marcha de empresas, e compila por vía telemática os principais documentos necesarios para a posta en funcionamento. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva. Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.3. Valora as tarefas de apoio, rexistro, control e fiscalización que realizan as autoridades no proceso de creación de empresas, e describe os trámites que se deben realizar. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva. Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir, a complexidade organizativa, a dispoñibilidade financeira e a fiscalidade. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.1.4. Selecciona a forma xurídica máis axeitada en cada caso segundo a actividade que se vaia desenvolver, o número de emprendedores/as, o alcance da responsabilidade que se vaia asumir. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |

| | | | | | |
|---|--|--|---|--|--|
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa, e distingue as principais partidas relacionadas nun balance de situación. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.2.1. Determina os investimentos necesarios para a posta en marcha dunha empresa. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno, a curto e a longo prazo, así como o custo de cada unha e as implicacións na marcha da empresa. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.2.2. Caracteriza de xeito básico as posibilidades de financiamento das empresas, diferenciando o financiamento externo e o interno. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva. Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa, aplicando condicións reais de produtos financeiros analizados e previsións de vendas, segundo un estudo do ámbito mediante unha aplicación informática tipo folia de cálculo, manexando razóns financeiras básicas. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.1. Presenta un estudo de viabilidade económico-financieiro a medio prazo do proxecto de empresa. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa, valorando o custo e o risco de cada un, e selecciona os máis acaído para o proxecto de empresa. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.2. Analiza os produtos financeiros máis axeitados de entre as entidades financeiras do ámbito para cada tipo de empresa.. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica, sinala o funcionamento básico do IAE, IVE, IRPF e IS, e indica as principais diferenzas entre eles. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.3. Identifica as obrigas fiscais das empresas segundo a súa actividade e a súa forma xurídica. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Proba obxectiva |
| <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | | | X | <ul style="list-style-type: none"> IAEEB3.3.4. Valora a achega que supón a carga impositiva das empresas á riqueza nacional e ao sostemento das cargas do Estado. | Procedementos: Probas específicas Instrumentos: Resolución de exercicios. |

Concrecións metodolóxicas que require a materia

El método de traballo responde a unha combinación de criterios teóricos e prácticos que pretenden desenvolver o contido deste curso de una forma eficaz na aula.

As clases serán teórico-prácticas. Unha primeira fase será teórica e nunha segunda fase desenvolveranse os aspectos prácticos (para o suposto de que nos encontremos nos meses de Marzo, Abril e Maio o enfoque práctico consistirá na execución do proxecto de empresa programado).

As clases prácticas levaranse a cabo dunha forma participativa pero ordenada, de maneira que exista o ambiente de traballo adecuado que permita efectuar a actividade nas mellores condicións posibles. Fomentarase o sentido crítico e o aprendizaxe baseado na combinación de traballo persoal e observación e análise das tarefas desenvolvidas polos demais. Valoraranse especialmente todos os aspectos relacionados coa colaboración entre alumnos, como un método eficaz para acadar resultados óptimos. Nunca se promoverán situacións competitivas, debendo entenderse que dentro das súas calidades e capacidades todo o mundo pode facer contribucións válidas. Farase especial fincapé no importante que resulta o esforzo persoal e o traballo continuado.

Materiais e recursos didácticos que se van utilizar

A clase se desenvolverase por medio dos recursos correntes, mediante a explicación do profesor, a realización de esquemas no encerado, acompañado en ocasións con algún sistema de proxección de imaxe fixa e os apuntes correspondentes.

A parte práctica levarase a cabo co material necesario que constará dunha parte aportada polo alumno, do que deberá dispoñer dende principio de curso e outra parte proporcionada polo departamento. Esta última parte consistirá en medios audiovisuais, medios informáticos, libros da biblioteca e proxectos realizados en anos anteriores.

En canto ós medios informáticos resaltaremos especialmente a posibilidade de utilizar internet para acceder a distintas direccións Oficiais e obter a información necesaria para elaborar o proxecto.

Unha última fase consistiría na realización de traballo de campo a traveso de organismos oficiais para a obtención da documentación pertinente para a consecución do proxecto de empresa..

Criterios sobre avaliación, cualificación e promoción do alumnado

Neste apartado establécense un conxunto de criterios obxectivos que permitan sistematizar a evolución do aprendizaxe ó longo do curso, con vistas á elaboración de calificacións prácticas e comprensibles para o alumno.

Para a valoración do rendemento do alumno terase en conta a asimilación dos conceptos explicados na clase e a correcta realización das actividades complementarias levadas a cabo dentro da aula.

Os aspectos conceptuais valoraranse mediante a realización de probas de carácter teórico-práctico.

Os procedementos de traballo avaliaranse mediante a corrección das actividades correspondentes plantexadas e realizadas na clase.

As actitudes valoraranse practicamente mediante a observación directa, analizando aspectos de continuidade no desenvolvemento do traballo e a disposición positiva que facilite ambientes sosegados e reflexivos, tanto individual como colectivamente,

As probas que se realicen durante o curso serán cualificadas cun código de notas numérico convencional, con valoración do 1 a 10, situándose o aprobado no 5, por debaixo do cal non se farán medias cos outros aspectos que se teñan en conta na cualificación global, xa que se considera que non se asimilaron minimamente os conceptos desta materia. En todo momento o alumno coñecerá os resultados das probas efectuadas.

Ditas probas, unha vez corrixidas, ensinaranse na clase, para resolver posibles aclaracións, reclamación ou erros nas notas que puidesen producirse e posteriormente serán arquivadas ata o final do curso e unha vez concluído este destruíranse.

Coa cualificación das probas escritas e tendo en conta a participación en clase en canto á realización das actividades plantexadas, sacarase a nota de cada avaliación..

Cada trimestre realizaremos as pertinentes recuperacións de cada avaliación.

Será necesario cumprir uns requisitos mínimos sen os cales non se poderá superar o curso:

1. asistir a clase con regularidade e xustificar adecuadamente as faltas de asistencia.
2. Presentarse a todas as probas que se establezan ó longo do curso e obter nelas como mínimo unha cualificación de 5.

Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente

Farase un seguimento periódico de todo o proceso de traballo no desenvolvemento da materia, de maneira que se poidan analizar as súas características os acertos os erros e as posibles modificacións que permitan a súa mellora.

Parte deste seguimento quedará reflectido nas actas de reunións periódica de departamento, nas que se fará un estudo máis pormenorizado de resultados académicos, por cursos, a final de trimestre, de cara a reflexionar sobre posibles cambios de mellora ou incidir máis en aspectos relevantes da materia que puideran quedar insuficientemente desenvolvidos.

Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Os alumnos están matriculados en 4º curso de la ESO por primeira vez e por tanto no existe como materia pendente.

Organización dos procedementos que lle permitan ó alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias.

Só aplicable no caso de Bacharelato.

Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados

No curso de 4º de ESO pártese dende cero, non supoñendo a existencia de coñecementos previos na materia e vaise evolucionando de maneira lenta e sostida, sempre traballando cun forte compoñente práctico e desenvolvendo gran parte da materia no tempo lectivo dentro da aula, sendo polo tanto unha materia abordable sen necesidade de coñecementos previos, resultando polo tanto de pouco interese indagar posibles coñecementos adquiridos e centrando a actividade educativa no propio proceso académico, que será observada na súa evolución diaria, sendo pouco indicativo do nivel do curso efectuar unha proba tipo exame para avaliar os coñecementos dos alumnos. No proceso continuado de

aprendizaxe irase observando a evolución individualizada do alumnado e tomaranse as medidas de reforzo ou recuperación que se estimen oportunas dentro dos mecanismos de avaliación anteriormente descritos.

Medidas de atención á diversidade

Esta é unha materia que os alumnos elixiron voluntariamente polo tanto supoñemos que terán unha disposición mínima cara dita materia. Hai que pensar que todos os alumnos poden con esforzo acadar como mínimo o nivel de aprobado que se esixe na materia.

Podemos dicir que existirá unha certa uniformidade que facilitará o aprendizaxe, e as diferenzas de nivel poderanse resolver sen grandes complicacións e con procedementos pedagóxicos sinxelos.

A pesar da escasez de horas lectivas por semana hai posibilidade de desenvolver a materia de forma práctica.

Respecto á realización de supostos prácticos, estes serán supervisados polo profesor e ademais entre os alumnos pode haber intercambio de coñecementos e beneficiarse mutuamente dun proceso continuado de cooperación.

Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso

En todas as áreas estarán presentes uns temas que por iso denominamos transversais que son os seguintes: educación moral e cívica, educación para a paz, para a saúde e a calidade de vida, para a igualdade entre os sexos, a educación ambiental, a educación sexual, a educación do consumidor, a educación para o ocio e a educación vial.

Estes temas cobren todo o proceso educativo e son de carácter fundamentalmente actitudinal.

Respecto á educación para a saúde e a calidade de vida faremos especial fincapé na saúde laboral.

En cuanto á igualdade de sexos, destacaremos a importancia e transcendencia que ten no mundo da empresa; o home e a muller terán igualdade de oportunidades no ámbito laboral: polo mesmo traballo percibirase o mesmo soldo. Esta cuestión irase tocando ó longo de todo o temario. Ademais este aspecto fomentarase valorando por igual os criterios aportados por alumnas e alumnos, evitando termos sexistas e analizando criticamente contidos que posúan carácter discriminatorio, como pode ser a publicidade que utiliza á muller como símbolo sexual.

Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico

As actividades complementarias centraranse na realización de traballos especiais e visitas a empresas que permitan relacionar os aprendizaxes adquiridos con temas que se poidan extraer do contorno habitual do alumno.

Respecto ó mundo laboral e concretamente a busca de emprego realizaremos prácticas e proxeccións relacionadas con entrevistas de traballo para que ó alumno, que nun futuro non moi distante enfróntese a estas situacións, non lle resulten novedosas e saiba cómo desenvolverse dunha forma máis factible.

E para que o alumno poida resolver os problemas que lle xurdan na vida real, realizará visitas ós distintos Organismos Oficiais da cidade ou incluso, se o alumno non vive na mesma, acudirá ós Organismos emprazados no lugar onde reside.

Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora

Durante todo o curso farase un seguimento do proceso de aplicación da programación de cara a avaliar os seus posibles acertos, erros ou modificacións que se considere necesario efectuar na mesma. As incidencias académicas faranse constar nas actas de reunión periódica do departamento e farase unha análise continuada sobre múltiples aspectos da mesma, observando cuestións que non funcionen ben, creen confusión ou dificulten a comprensión dos detalles nos que se quere incidir, ou prácticas que non resulten suficientemente claras ou non produzan os resultados previstos. Tamén se terá en conta a adaptación do temario ós tempos previstos para a súa execución, acurtando ou alongando aspectos do mesmo para axustalos ó programado, ou polo contrario modificando os tempos previstos na programación para darlle cabida a aspectos que non estaban previstos, pero que se observa o seu interese ó desenvolver o traballo de aula.

De todas as cuestións indicadas e doutras que poidan xurdir farase unha análise resumo a final de curso, para ver a forma de introducilas no seguinte ano, intentando encaixar os aspectos que se consideren relevantes, da mellor maneira posible na programación do curso.

Pontevedra a 14 de outubro de 2020

A XEFA DE DEPARTAMENTO